



**INFORMACION XERAL E NORMAS DAS INSTALACIÓNS E GALERIAS DE
TIRO DE CERNADIÑAS NOVAS, XEVE, PONTEVEDRA.**

– **HORARIOS DE APERTURA:**

- a. A instalación estará aberta os Mércores, Xoves, Venres, Sábados Domingos e Festivos no seguinte horario:
- Horario de inverno:
 - Mércores a Sábados: 9:00 a 13:00 e de 15:00 a 19:00
 - Domingos e Festivos: 9:00 a 14:00 e de 16:00 a 19:00
 - Horario de verán
 - Mércores a Sábados: 9:30 a 13:00 e de 16:00 a 20:30
 - Domingos e Festivos: 09:00 a 14:00 e de 17:00 a 20:00
 - Luns e Martes laborables o Campo estará pechado.
 - Os Mércores da semana seguinte a Festivo o campo non abrirá
 - O mes de Agosto o Campo estará pechado.

– **USUARIOS:**

A instalación poderá ser utilizada polos seguintes colectivos:

- Deportistas galegos/as con licenza deportiva en vigor, ase como do resto do Estado e doutros países, pertencentes as distintas especialidades do Tiro Olímpico e que posúan a licencia de armas correspondente.
- Deportistas dos programas de Tecnificación, Rendemento e Elite da F.G. de Tiro Olímpico e da R.F.E. de Tiro Olímpico.
- Deportistas participantes en estadias de grupos de Tecnificación, Rendemento e Elite de outras comunidades autónomas e países.
- Deportistas galegos/as participantes en competicións deportivas oficiais, con licenza deportiva en vigor, ase como do resto do Estado e doutros países, pertencentes as distintas especialidades do Tiro Olímpico.
- Outros deportistas con licenza federativa en vigor que por motivo das distintas particularidades das súas especialidades deportivas, necesiten usar as distintas instalacións do polígono de tiro.
 - Os alumnos de cursillos de iniciación o tiro, provistos de Licenza Deportiva, en presenza do Monitor de Tiro designado por la Xunta Directiva.
 - poboación escolar galega que participe en programas de promoción das distintas especialidades desenvolvidos pola F.G. de Tiro Olímpico.
 - alumnos dos cursos das formacións deportivas oficiais.
- Persoal pertencente as distintas Forzas e Corpos de seguridade do Estado (en grupos organizados e con reserva previa).



- Alumnos en prácticas de academias de seguridade privada (os alumnos en practicas deberán utilizar a instalación en grupos organizados, con reserva previa e baixo a tutela dun responsable.)
 - Alumnos dos cursos para a obtención de licenzas de armas “C”, “D” “E” e “AEM”, entre outras (os alumnos en practicas deberán utilizar a instalación en grupos organizados, con reserva previa e baixo a tutela dun responsable).
 - Outras entidades/deportistas con autorización expresa da SXD.
 - Os usuarios responderán ante a Xunta Directiva o Autoridades competentes dos posibles accidentes, incumplimientos das normativas ou a carencia das correspondentes Licenzas para o arma a utilizar.
- INSTALACIÓNS:**
- O polígono de tiro de Cernadiñas Novas componse das seguintes instalacións:
- Unha (01) galería de tiro de 10/25/50 metros: composta de 35 postos de tirador para a práctica de tiro nas modalidades deportivas de Pistola Deportiva, Pistola Estándar, Pistola de fogo central, Pistola Velocidade, Pistola 9mm, Pistola Libre, Carabina BR-50 alta precisión, Carabina Tendido, Carabina 3x40, Carabina 3x20, Armas Históricas de Avancarga (cortas e largas) e Cartuchería Metálica (corta e larga).
 - Dúas (02) galerías de tiro de 25 metros: con dez (10) postos de tirador cada unha para a práctica de tiro nas modalidades deportivas de Pistola Deportiva, Pistola Standard, Pistola Fogo Central, Pistola Velocidade, Unha (01) galería de tiro de 10 metros de aire comprimido parcialmente cuberta, con 25 postos.
 - Ase mesmo a instalación queda capacitada para a realización de probas de capacitación para a obtención da licenza “C”, exercicios de tiro obrigatorios para o persoal de seguridade privada que recolle a Resolución do 28 de febreiro de 1.996 da Secretaría de Estado de Interior e para a práctica e probas de obtención por primeira vez das licencias “D” “E” y “AEM” reguladas polas Ordenes Ministeriais de 18/03/98; 07/03/00 e 21/07/00, Resolución da Dirección Xeral da Garda Civil de 19/10/98 e Circular deste Dirección Xeral número 5 de 21/06/99.
- CALIBRES PERMITIDOS / CALIBRES PROHIBIDOS DURANTE O USO DA INSTALACIÓN.**
- No Campo de Tiro non están permitidos os calibres de alto poder e magnum. Na modalidade de Percorridos de tiro os calibres a utilizar serán os recoñecidos na practica da modalidade e sempre autorizados pola Subdelegación do Goberno

Os calibres permitidos na Galería de 50 mts. son:

- Calibre .22 lr, calibre .32, calibre .38 spl, calibre 38 super, calibre 9 mm.



Os calibres permitidos na Galería de 25 mts. son:

- Calibre .22 lr, calibre .32, calibre, calibre .38 spl,
- Nas Modalidades de Pistola Fogo Central, só se poderán utilizar os calibres 38 super e 9 mm en competicións Sociais Oficiais, Fases Clasificadoras e Fases Finais.

– **SERVIZOS OFERTADOS NAS INSTALACIÓNS:**

- .1. Adestramentos oficiais e asistencia a competicións oficiais.
- .2. Venda de municións e dianas.
 - Municións: Sábados, Domingos e Festivos de 9:30 a 13:00 horas
 - Blancos durante a semana no horario establecido de apertura das instalacións.

– **ACTIVIDADES QUE SE DESENVOLVEN NAS INSTALACIÓNS:**

- .1. Competicións deportivas sociais oficiais ou da Federación Galega de Tiro que se celebran na instalación.
- .2. Practicas /adestramento de tiro
- .3. Cursos para a obtención da licenza de armas
- .4. Probas de capacitación para a obtención da licenza “C”.
- .5. Exercicios de tiro obrigatorios para o persoal de seguridade privada.
- .6. Probas de obtención por primeira vez das licencias “D” “E” y “AEM”.
- .7. Outras competicións a peticións de organismos oficiais que o soliciten.

– **INFORMACIÓN XERAL AO PÚBLICO E USUARIOS**

Normas de acceso as galerías:

- .1. Público en xeral
 - Poderán acceder as galerías todas as persoas que o desexen.
 - Non poderán traspasar as liñas de seguridade que dan acceso os postos de tiro.
 - É aconsellable que se utilicen proteccións auditivas(cascos ou tapóns)
 - O público na modalidade de Percorrido de tiro deberá utilizar protección ocular
- .2. Tiradores Federados.
 - Deberán estar en posesión da licenza federativa e ter abonado o canon correspondente, anual ou diario, do uso da galería. (Anexo I)
 - Deberán ter, en todo momento, a vista a Licenza e a tarxeta de abono do canón. (Anexo I)
 - Os tiradores autorizados non poderán facilitar a entrada os postos de tiro a ninguén, salvo que obteña permiso expreso da administración do Campo
 - A tarxeta do canón ten vixencia anual, e rematará con ano natural.



- Deberán cumprir as normas de uso existentes nas galerías.
 - En caso de competicións seguiran as indicacións do xuíz árbitro.
- .3. Competicións
- As organizacións das distintas competicións deberán anunciar, na galería onde se produza o evento e coa antelación suficiente para coñecemento de todos os usuarios, a data e a hora de comezo da competición e os postos que se ocuparán.
 - No caso de competición Sociais, Sociais Oficiais, Interprovinciais, e Provinciais, os postos libres poderán ser utilizados para adestramentos, sempre seguindo as indicacións do xuíz árbitro e que a actividade non moleste os tiradores en competición.
- .4. Normas de convivencia.
- Nas galerías, nas conversas, se manterá un volume baixo para non molestar o resto dos usuarios.
 - Non se permite a estancia de animais nas dependencias, salvo o previsto pola lexislación vixente en canto a cans guía e debidamente documentados.
- **NORMAS DE SEGURIDADE E BO USO DAS INSTALACIÓNS:**
- .1. Normas xerais de seguridade na instalación.
- Os tiradores serán responsables dos riscos ou danos que poidan ocasionar perante seus adestramentos o competicións. Tamén serán responsables subsidiaria e solidariamente dos danos que poidan causar a persoas o cousas.
 - A Administración do Campo emprenderá todas as accións legais necesarias para esixir as responsabilidades e resarcir dos danos ocasionados.
- .2. Normas de seguridade no acceso as galerías de tiro:
- O público ten totalmente prohibido traspasar a liña de publico e acercarse os tiradores que estean no posto de tiro.
 - As armas, no campo e na galería, se deberán transportar nos seus estuches o caixas, separados da munición e só se poderán sacar deles cando se estea no posto de tiro.
 - Está prohibido o uso de armas de fogo a aquelas persoas que non teñan licenza de armas, a non ser que estean acompañadas do seu adestrador.



.3. Normas de seguridade nos postos de tiro.

- No posto de tiro as armas permanecerán abertas, descargadas enriba da mesa e coa bandeira colocada sempre que non se estea facendo uso das mesmas.
- As armas só se poderán disparar dende os postos de tiro e dirixidas os brancos que estean de fronte o mesmo, estando totalmente prohibido realizar disparos cruzados dirixidos a calquera outro destino que non sexa o mencionado branco. Se se está nunha competición se deberá seguir as ordes dos xuíces árbitros.
- En caso de interrupción do arma por un fallo mecánico a manipulación para darlle solución o fallo se deberá facer sempre co cano apuntando a liña de brancos. Se se está nunha competición a interrupción se debe poñer inmediatamente en coñecemento do xuíz árbitro verbalmente ou alzando o brazo que estea libre.
- Para realizar calquera tipo de manipulación ou reparación na arma fora do posto de tiro, esta transportarase, no maletín o caixa, aberta e descargada, ata o lugar que se indique para a intervención, e todas as manipulacións faranse co cano apuntando pra un lugar onde non se encontre persoa algunha nun sector de 180º da boca de fogo.
- Rematado o adestramento o tirador comprobará que non haxa ningunha bala na recámara e no cargador e procederá a gardar a arma na súa funda o caixa separada da munición.
- En caso de estar en Competición unha vez comprobado que non haxa unha bala na recámara e no cargador. Deixará a arma enriba da mesa e esperará a que o árbitro lle dea autorización para retirala.
- Sempre é responsabilidade do tirador comprobar que a arma debe estar descargada antes de gardala na funda o caixa.
- Todos os usuarios teñen a obrigaçión de coñecer os Regulamentos de Seguridade e en caso dalgunha anomalía non poderán alegar descoñecemento

.4. Normas de seguridade no cambio de brancos.

- Sempre que se active a alarma de paso a liña de brancos, será obrigaçión de todos os tiradores que se encontren nos postos de tiro deixar inmediatamente as armas enriba da mesa, coa recámara aberta, descargada e coa bandeira colocada no cano. Non se tocará a arma ata que a luz de alarma se apague.
- Ningún tirador poderá traspasar a liña de tiro sen advertir os tiradores que estean na súa sección e comprobar que estes se decataron do seu aviso.
- Na liña de tiro é obrigatorio a utilización de protección auditiva e ocular .



Para o non recollido nestas normas se estará o que dispoña a Administración das Instalacións

INFRACCIONS.

Serán consideradas infracciones o presente Regulamento e darán lugar o correspondente expediente informativo, as seguintes:

1. Leves:

- Manter un comportamento inadecuado que perturbe a práctica dos exercicios e adestramentos e a convivencia en calquera das dependencias do Campo de Tiro.
- Facer caso omiso as indicacións do Instructor Adxunto, persoa ao cargo ou vixiante, sempre que ditas indicacións non supoñan unha infracción as normas de seguridade.
- O mal uso ou descuido na conservación dos locais, material o demais elementos dos servizos, así como o incumprimento das normas dadas nesta materia, cuando non constitua unha falta de maior gravidade.

.2. Graves:

- A mala utilización voluntaria que cause deterioro nas instalacións ou materiais que compoñen a Galería.
- A comisión de dúas faltas Menos Graves terán a consideración dunha falta Grave.

.3. Moi Graves:

- A desobediencia negligente no cumprimento de todas as normas de seguridade establecidas no presente regulamento.
- A non observancia das medidas de seguridade establecidas no presente Regulamento, que creen unha situación de risco concreto.



A xestión e explotación das instalacións, así como a utilización das mesmas polos usuarios, deberá ser conforme ao disposto nas seguintes disposicións:

1. Convenio asinado entre a Federación Galega de Tiro Olímpico e o Club a quen se lle adxudicou a xestión.
2. Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia.
3. Estatutos da Federación Galega de Tiro Olímpico.
4. Normativas de competición da Federación Galega de Tiro Olímpico e Regulamento de Competición de cada modalidade.
5. Real Decreto 137/1993, de 29 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de Armas.

En caso de infraccións que constitúan falta, segundo a natureza da mesma, aplicarase a correspondente disposición das suliñadas.

Por Cernadiñas Novas

Fdo. Antonio Escudero Leal-Presidente